

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

SANIDADE

GRUPO 1: DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

MESA: Saúde

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030: UNHA SANIDADE POR E PARA OS GALEGOS.

Marco Estratéxico. Cada medida debe estar fundamentada na evidencia científica, e enmarcada na Cuádrupla Meta: Protexer e mellorar a saúde poboacional, Mellorar a calidade e a experiencia do paciente, Mellorar a eficiencia, Mellorar a satisfacción dos profesionais do Sistema de Saúde de Galicia.

1. **Protexer e mellorar a saúde poboacional**

- 1.1 Fortalecer os valores do sistema público de saúde
- 1.2 Adaptar o sistema sanitario ao cambio da tipoloxía do paciente crónico
- 1.3 Sistema sanitario proactivo. Potenciar estratexias de prevención
- 1.4 Atención Primaria como vertebradora do sistema de saúde
- 1.5 Elaborar Plans locais integrados de saúde con potenciación dos programas de saúde comunitarios,
- 1.6 Planificación conxunta entre AP e hospitalaria e outros (socio-sanitario) : continuidade asistencial
- 1.7 Asegurar a suficiencia económica
- 1.8 Complementariedade da sanidade privada

2. **Mellorar a calidade e a experiencia do paciente**

- 2.1 Fortalecer a equidade e o papel do paciente
- 2.2 Paciente máis formado e informado
- 2.3 Servizos e prestacións máis próximos á cidadanía: SANIDADE NO FOGAR
- 2.4 Corresponsabilidade da cidadanía co sistema
- 2.5 Seguridade e calidade

3. Mellorar a eficiencia. Xestión orientada a resultados

- 3.1 Promover a innovación sanitaria
- 3.2 Incorporar resultados de saúde e a experiencia dos pacientes
- 3.3 Fondo económico para a transformación nos niveis asistenciais e comunitarios. Fondo facilitador do cambio
- 3.4 Foros de innovación sanitaria

4. Mellorar a satisfacción dos profesionais

- 4.1 Asignación de novas funcións entre profesionais, dentro das súas competencias
- 4.2 Estabilización das plantillas
- 4.3 Potenciación do papel das xefaturas no marco dun liderado compartido: formación de líderes participativos/integradores
- 4.4 Potenciación da formación, investigación e innovación
- 4.5 Mellora das condicións de traballo

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.1 Poboación moi envellecida, con alto grao de dependencia. Alta prevalencia de cronicidade e de pacientes pluripatolóxicos crónicos. Fraxilidade</p> <p>Pouca experiencia de traballo con e para a comunidade</p>	<p>A.1 Empeoramento da saúde:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Estilos de vida pouco saudables</u> (aumento da obesidade, sedentarismo e consumo habitual de drogas ou alcohol). - O cambio climático contribúe de forma directa na saúde (existencia de enfermidades e mortes prematuras por cambios de temperatura, radiación ultravioleta, sustancias contaminantes, cambios nos alérxenos., entrada novas infeccións,). 	<p>F.1 Integración asistencial e de xestións.</p> <p>Valores do sistema (universalidade...)</p>	<p>O.1 Crecente tendencia da utilización da teleasistencia e o uso das novas tecnoloxías na asistencia médica. Desenvolvemento de novos sectores relacionados coa atención a persoas maiores e en situación de dependencia. Fomento dos hábitos de vida saudables como piar da prevención de enfermidades. Incidencia en persoas con dependencia para fomentar o autocoidado.</p>
<p>D.2 Variabilidade na atención sanitaria debido a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - dispersión xeográfica -dificultades de mobilidade (transporte público) 	<p>A.2 Aumento do desequilibrio poboacional:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aumento da demanda de servizos e inercia por un modelo asistencial tradicional enfocado á tratar patoloxía aguda - Elevado consumo farmacéutico 	<p>F.2 Aposta continua pola utilización das novas tecnoloxías e consolidación da existente (consolidación da historia clínica electrónica única e da receita electrónica en Galicia).</p>	<p>O.2 Mellora Protocolización, Unidades de referencia, participación dos pacientes.</p> <p>Adopción dun sistema de decisión orientado a resultados, que incorpore criterios de eficiencia, sustentabilidade, calidade e seguridade. Planificación estratéxica.</p>

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.3 Pouca conciencia do custe dos servizos e dos medicamentos pola cidanía e profesionais sanitarios, o que leva a un uso non racional do sistema sanitario, provocando sobre demanda (sobre todo en urxencias e servizos de transporte urxente) e aumento do custe farmacéutico.</p>	<p>A.3 Impacto económico de novos tratamentos, tecnoloxía,... e escasa análise de resultados en saúde. Incorporación acelerada de novos dispositivos tecnolóxicos.</p>	<p>F.3 Ampla rede de infraestruturas e servizos (capilaridade AP, farmacias,...)</p> <p>Renovación de infraestruturas e emprego de alta tecnoloxía. Aumento de recursos tecnolóxicos nos centros sanitarios, mellorando a capacidade de diagnóstico e diminuíndo o desprazamento a hospitais para a realización de probas.</p>	<p>O.3 Melloras na comunicación Disponibilidade de Sistemas de monitorización. Fórmulas de risco compartido Participación</p>
<p>D.4 Déficit de profesionais nalgúns especialidades.</p>	<p>A.4 Circulación de información falsa nas redes.</p>	<p>F.4 Alta capacitación dos profesionais e sistema de formación de especialistas de calidade contrastada.</p>	<p>O.4 Incremento na oferta de formación de especialistas Polivalencia dos profesionais Fortalecemento de vínculos co SUG</p>
<p>D.5 Emprego de indicadores non adecuados á actividade obxecto de seguimento (exemplo: número de camas hospitalarias / habitantes como indicador de calidade). Promover decisións en base a indicadores inadecuados.</p>	<p>A.5 Presión exercida sobre o sistema por distintos axentes. Creación de estados de opinión desfavorable por persoas sen experiencia de asistencia.</p>	<p>F.5 Disponibilidade de información. Avanzado posicionamento en Galicia dos Sistemas de información Sanitaria.</p>	<p>O.5 Desenvolver e potenciar modelos alternativos de prestación de servizos</p>
<p>D.6 Tempos de espera elevados.</p>	<p>A.6</p>	<p>F.6 Sistemas de Priorización; Garantías de tempos máximos por patoloxías; Vías rápidas.</p>	<p>O.6 Sistemas de información Integración asistencial Atención Primaria vertebradora do sistema e-consulta</p>

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.7 Dificultade de comunicar decisións e resultados da nosa actividade.	A7. Incremento de costes da medicina personalizada.	F.7 O sistema sanitario é un dos servizos públicos mellor valorados Atención primaria é o servizo sanitario mellor valorado en todos os barómetros sanitarios.	O.7 Distintas posibilidades e sistemas de comunicación Melloras nas habilidades de comunicación de xestores e profesionais
D.8 Baixo nivel de alfabetización-información en saúde da cidadanía. Escasa capacidade do sistema e dos profesionais de disuadir a sobre demanda.	A8.	F.8 Existencia de dispositivos ambulatorios e técnicas menos invasivas no diagnóstico e tratamento.	O.8 Traballo en equipo, distribución de funcións Fortalecemento dos mecanismos de participación e das asociacións de pacientes Fomento da corresponsabilidade do paciente para un mellor emprego dos recursos sanitarios.
D.9 Escasa capacidade de modulación e xestión desta demanda	A9.	F.9. Planificación e xestión estratéxica do servizo de Urxencias 061 (Plan estratéxico 2018-2021).	O.9 Sistemas de información e comunicación
D.10 Adaptación do sistema á revolución dixital sanitario.	A.10.	F10. Experiencia de colaboración con outras institucións.	O10. Novas posibilidades de sistemas de intelixencia artificial e Big Data
D11. Capacidade de financiación orzamentaria e xestión anual dos orzamentos.	A11.	F11. Existencia da Escola de Saúde con participación dos pacientes e cidadanía	O11. Mellora na calidade dos tratamentos, máis axeitados ás necesidades dos pacientes.